

## CONDICIÓNS XERAIS DAS ACTIVIDADES MATINAIS PARA PÚBLICO INFANTIL OFERTADAS POLA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI EN ÉPOCAS VACACIONAIS (XULLO E NADAL)

Os Centros Socioculturais de Santiago ofertan unha serie de actividades enmarcadas dentro dos programas estacionais, e unha das accións é unha ampla proposta de actividades en horario matinal para público infantil en diferentes CSCC.

A organización destas accións son competencia dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago seguindo normativa interna.

### SERVIZOS OFERTADOS

- Programa de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, adaptado ás idades ofertadas en cada espazo.
- Horario de mañás de actividades de 10 a 14 h, con posibilidade de horario extensivo, previa solicitude dende ás 8 ata ás 15 h.
- O material necesario para a realización das actividades.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre.

### PARTICIPANTES

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas que cumpran os requisitos de idade especificado en cada actividade e estean empadroados no Concello de Santiago.

Para ser admitido nas actividades será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dunha actividade na mesma convocatoria. A praza adxudicada será intransferible.

Así mesmo para as persoas con necesidades especiais que por razón da súa discapacidade precisen apoio, deberán vir acompañadas da persoa que poda atender as súas necesidades.

## IDADES

Poden solicitar a participación nas actividades ofertadas as persoas que cumpran o requisito de idade no momento de realización da actividade, sendo requisito indispensable. De non cumprirse será motivo de exclusión.

No caso de que as idades veñan determinadas polo ano de nacemento a persoa participante deberá cumprir igualmente este requisito, sendo tamén, de non cumprirse, motivo de exclusión.

## MENORES EN SITUACIÓN DE TUTELA

As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria entregando a documentación acreditativa que xustifique a residencia e tutela.

## SOLICITUDES E FORMA DE PRESENTACIÓN

- Procedemento xeral: As persoas que presenten unha solicitude de praza, deben utilizar o formulario CC002 de inscrición nas actividades dos Centros Socioculturais (poderá descargarse na páxina web do concello [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)) e presentala no prazo indicado, mediante a sede electrónico do Concello de Santiago ou presencialmente nos CSC.

No caso de varios irmáns cada un cubrirá unha solicitude. Deberase incluír en cada solicitude no recadro *Nome e apelido dos familiares participantes* o nome do irmán ou irmáns que tamén soliciten praza no mesmo espazo, para contar no caso de sorteo, cun único número de participación por familia.

## PRAZOS

Os prazos en cada campaña serán publicados con suficiente antelación tanto na páxina web do Concello de Santiago como nos propios Centros Socioculturais e nos folletos informativos.

As persoas interesadas deberán asegurarse no momento de exposición dos listados dos posibles erros nos datos ou na recepción da solicitude. A comunicación de erros deberá efectuarse telefónica ou presencialmente como data límite ata o día antes do sinalado para a realización do sorteo. Unha vez transcorrido ese día non procederá reclamación ningunha.

As prazas resultantes estarán expostas en cada CSC ou nos teléfonos e correo electrónicos habilitados a tal efecto.

## ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación poder ser directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles ou por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

O sorteo será público e estarán presentes alo menos, dúas persoas responsables do Departamento de Centros Socioculturais. A data e hora será exposta nos CSC. Mediante este sorteo cubriranse as prazas. Así mesmo dará lugar a unha lista de espera para cada unha das actividades.

No caso de varios irmáns, o sorteo farase cun único número por familia, sempre que opten á mesma quenda e localización.

O resultado do sorteo estará dispoñible en cada CSC ou nos teléfonos e correo electrónicos habilitados a tal efecto.

En virtude da protección de datos, as persoas admitidas virán identificadas co nome e as iniciais dos apelidos, procederese do mesmo xeito coas persoas admitidas en lista de espera.

No caso de que se produzan vacantes o Dpto de Centros Socioculturais poderá abrir un novo **prazo extraordinario** que será publicado na páxina web do Concello de Santiago e nos propios CSC. Neste procedemento atenderase as solicitudes por orde de entrega presencial, recibidas no lugar determinado para tal efecto.

Cada CSC poderá gardar o 10% das prazas para persoas con necesidades, o motivo de tal necesidade será valorada pola persoa responsable municipal do Dpto. xunto coa entidade que as derive.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR AS PERSOAS SELECCIONADAS

A entregar por todas as persoas admitidas:

- Xustificante de pagamento (nas actividades de pago).
- Ficha de participación.
- Foto da persoa participante (opcional).
- Fotocopia do DNI do neno ou libro de familia.
- Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico.

De ser o caso tamén:

- Xustificante de familia numerosa.

- Xustificante de demandantes de emprego das persoas titoras.
- Informe de servicios sociais.
- Documentación acreditativa da custodia da persoa solicitante.
- Xustificante de discapacidade e informe da necesidade de acompañamento de persoa de apoio achegada pola persoa solicitante.

## ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS LISTAS DE ESPERA

A adxudicación de prazas á lista de espera farase mediante 3 chamadas telefónicas ao número indicado na solicitude, no cadro referente ao solicitante. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

As persoas adxudicadas da lista de espera contarán cun máximo de 2 días hábiles para entregar a documentación necesaria, de non facelo serán dadas de baixa e a praza será ofrecida ao seguinte da lista.

## PREZOS

Os prezos de aplicación para cada actividade e aparecerán detallados na publicidade do programa, serán fixados polos órganos competentes do Concello de Santiago.

Descontos:

- Desconto do 20% do total por segundo fillo.
- Desconto do 50% do total por familia numerosa/monoparental.
- Desconto do 100% no caso de ambos pais desempregados

## DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboada a persoa interesada non puidera participar soamente tería dereito á devolución da cota nos seguintes casos:

- Anulación da actividade
- Renuncia á praza comunicada por escrito ao Dpto sendo a causa unha forza maior (hospitalización ou causa médica grave, falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao)

As solicitudes de devolución deberán ser enviadas mediante sede electrónica ao.....

## OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

As persoas adxudicatarias das prazas estarán obrigadas:

1. A incorporarse á actividade no horario escollido sempre antes de que de comezo a actividade e nunca antes do fin (de 10 a 14h). Agás necesidade expresa e asinando a pertinente autorización.
2. A respectar as normas establecidas polos equipos de animación e ás de réxime interior de cada CSC. Poderán ser expulsadas da actividade as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

**O incumprimento dos requisitos sinalados para todas as persoas solicitantes impedirá a súa participación nas actividades.**